

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023740	CEIP A Solaina	Narón	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	6º Inf.	5	175

Contido

Páxina

1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introdución

A programación da área de Comunicación e Representación da Realidade recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 6º de EI co fin máximo de promover nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan comezar a desenvolver ferramentas para comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coa contorna e coas demáis persoas que a habitan.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situación de aprendizaxe (tarefas, actividades e exercicios). Consideramos fundamental seguir respetando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade ou proxecto adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán coma referencia para os centros de interese que cada mestra ou mestre escollerá, pero sempre favorecendo que xurdan dos intereses das nenas e nenos.

A temporalización das unidades proposta é orientativa e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada persoa mestra. Atoparemos dúas unidade didáctica (a modo de proxecto) en cada trimestre, e unha unidade transversal que se desenvolverá ao longo de todo o curso onde se traballarán de forma reiterativa aspectos moi concretos relacionados coa área e que complementará o traballado nas outras unidades.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1				1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoíándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construir novas aprendizaxes.	1	1			1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1		1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunas das súas características.	1	1		1				
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1			1				1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aprendizaxe continua	<p>Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías. Aquí atoparemos actividades relacionadas coas linguaxes coma medio de comunicación (aseambleas, buscas de información, uso de medios dixitais) de expresión (conciencia fonolóxica, emprego de diferentes soportes) e de relación social (pautas de convivencia, autoregulación emocional....).</p> <p>Terán cabida nesta unidade todas as actividades que realizaremos de presentación de novos integrantes da clase, de dinámicas de cohesión de grupo, elaboración das normas da clase en gran grupo, rutinas... e todo aquello que se repite ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes más básicas e elementais por parte do alumnado.</p>	25	X	X	X
2	Coñézome / Así son eu	<p>Nesta categoría poderemos encadrar proxectos onde a alumna ou alumno parta do autocoñecemento. Poderemos levar a a cabo proxectos relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de xénero, coñecemento e expresión de emocións...</p> <p>Levaremos a cabo propostas centradas na expresión de sentimento, descripcións de persoas, adquisición de vocabulario inclusivo, xogos de palabras e rimas...</p>	25	X		
3	Arte-llano.	<p>Nesta categoría incluiremos os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas, en calquera das linguaxes disponibles para o noso alumnado.</p> <p>As diferentes linguaxes (oral, escrita, corporal, musical, plástica, e audiovisual) cobrarán gran importancia nos proxectos dentro desta categoría, así como as transferencias entre eles.</p>	25	X		
4	O astronauta	<p>Nesta categoría encadramos proxectos adicados a coñecer un momento da historia, xa sexa presente, pasado ou futuro, un pobo ou grupo social concreto, persoas históricas, así como profesións...</p> <p>Levaranse a cabo propostas centradas en pequenas investigacións, recopilación e comunicación da información obtida, elaboración de materiais de difusión...</p>	25		X	
5	O mundo vexetal.	<p>Nesta categoría traballaremos proxectos relacionados co mundo vexetal, xa sexa a través do coñecemento dos principais elementos da natureza, traballando na horta, descubrindo aspectos da agricultura...</p> <p>As actividades que primarán nesta categoría serán de adquisición de novo vocabulario, descripción dos pasos para levar a cabo diferentes accións, a descripción de procesos e fenómenos naturais...</p>	25		X	
6	O mundo animal.	<p>Nesta categoría incluimos os proxectos adicados a un animal, ou a un conxunto deles, a unha especie, a un</p>	25			X

UD	Título	Descripción	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	O mundo animal.	contexto ou hábitat, a relación cos seres humanos... As actividades que primarán nesta categoría serán de adquisición de novo vocabulario, descripción de animais segundo as súas características singulares, así como a descripción do seu hábitat, elaboración de presentacións sinxelas para presentar información...	25			X
7	Onde eu vivo	Nesta categoría poderemos levar a cabo proxectos relacionados coa contorna do alumnado, tanto a máis próxima, coma a relación que poida ter con outras. Tamén o traballo relacionado coa cultura, o patrimonio, as expresións culturais e máis aspectos relacionados. Primarán as actividades de consulta de fontes de información sobre diferentes temas para poder elaborar diferentes produtos que difundan e promocionen o patrimonio cultural en ambas linguas oficiais.	25			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aprendizaxe continua	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega as expresións de convencións sociais básicas e unha linguaxe respetuosa coas demais persoas no intercambio comunicativo	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica recoñecendo e diferenciando os as unidades da lingua coma fonemas, letras, sílabas e palabras.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demás.	Comprende a intención comunicativa e interpreta correctamente as mensaxes emitidas por outras persoas.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demás con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para chegar a acordos cos demás para satisfacer as súas necesidades e desexos	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos, libres e/ou suxeridos, así como a escritura de diferentes palabras sinxelas coñecidas polo alumnado.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria, respectando as normas de uso e colaborando na súa organización.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escucha e a lectura de textos literarios.	Escucha con atención a lectura de textos literarios de certa extensión e goza compartindo ese momento coas compañeiras e compañeiros.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo tras a escucha o lectura dun texto literario.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica amosando capacidade para percibir e discriminar diferentes sons.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais para crear produtos propios e creativos.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas e amosa unha actitude responsable.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación interpersonal: empatía e assertivididade. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.

Contidos

- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións inter persoais.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola producción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
2	Coñézome / Así son eu	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, reconhecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa iniciativa por compartir a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas.	
CA1.3 - Expressar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións e goza o proceso.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demás.	Comprende a intención comunicativa e interpreta correctamente as mensaxes emitidas por outras persoas.	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexúzos e estereotipos.	É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características	
CA5.5 - Expressar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo.	TI
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización movendo o corpo de xeito libre e dirixido expresando emocións.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demás e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Participa en actividades de expresión corporal libre axustando o seu movemento ao espazo e a das demás persoas.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demás de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre as interpretacións dos demás, expresando a súa valoración de xeito empático e respetuoso.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse corporalmente, empregando o corpo, o movemento, a cara e a postura, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguaxes cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.

Contidos

- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola producción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos...) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.

UD	Título da UD	Duración
3	Arte-llando.	25

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións e goza o proceso.	TI
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demás.	Comprende a intención comunicativa e interpreta das mensaxes emitidas por outras persoas ea as interpreta correctamente.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas e culturais onde reflexa a súa imaxinación e expresa ideas e emocións gozando do proceso.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opiniões sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de expresarse musicalmente, empregando a voz, o corpo e instrumentos musicais, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa iniciativa para compartir a súa intepretación de representacións ou manifestacións artísticas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas empregando diferentes materiais e técnicas, así como colaborando coas súas compañeiras e compañeiros.	
CA7.3 - Expressar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións plásticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións e goza o proceso.	
CA7.4 - Expressar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demás de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demás, expresando a súa valoración de xeito empático e respectuoso.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Realiza obras plásticas, empregando diferentes técnicas e materiais de xeito libre e dirixido, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Comparte espontáneamente a súa intepretación de representacións ou manifestacións artísticas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Interpretación da intención comunicativa das mensaxes. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.

Contidos

- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Acheamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Acheamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
4	O astronauta	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso más eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) amosando un discurso organizado e coherente.	TI
CA3.6 - Expressar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	É quen de expresarse oralmente, empregando oracións nun discurso sinxelo, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozoz	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos, palabras e oracións a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características.	
CA6.5 - Expressar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demás de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre as interpretacións dos demás, expresando a súa valoración de xeito empático e respectuoso.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa iniciativa por facer aportacións nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a compresión. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas. - Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números, - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola producción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.

Contidos

- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
5	O mundo vexetal.	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Recoñece, comprende e emprega algunha palabra en ambas linguas oficiais.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) amosando un discurso organizado e coherente.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) amosando un discurso organizado e coherente.	TI
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo,	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo.	

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos, palabras e oracións a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos, palabras e oracións a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
